WIKIPEDIA

Lingua grega

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua grega**[1] (en grego moderno: ελληνικά, *elliniká*, ou ελληνική γλώσσα, *ellinikí glóssa*, "lingua grega") é a lingua materna de 12 millóns de falantes, dos cales 11 millóns viven en Grecia onde é lingua oficial, como en Chipre. Tamén se fala en comunidades illadas de Albania, Turquía e Italia. É lingua oficial na Unión Europea. É a lingua viva con historia documentada máis longa, con 34 séculos de fontes escritas.[2] O seu sistema de escrita foi o alfabeto grego durante a meirande parte da súa historia; outros sistemas como o Lineal B e o silabario chipriota, foron usados anteriormente. O alfabeto xurdiu a partir do alfabeto fenicio e foi a base do latino, do cirílico, do armenio, do copto, do gótico e moitos outros sistemas de escrita.

Lingua grega
Ελληνικά

Falado en:	Grecia, Chipre
Total de falantes:	13 millóns (2012)
Posición:	74
Familia:	Indoeuropea Helénica Ática **Lingua grega**
Escrita:	Alfabeto grego
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Grecia Chipre Unión Europea
Regulado por:	Academia da Lingua Grega
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	el
ISO 639-2:	gre (B) ell (T)
SIL:	GRK



Índice

Historia

Historia da lingua grega
(ver tamén: alfabeto grego)

Protogrego (c. –2000)

Micénico (c. -1600–-1100)

Grego antigo (c. –800–-300)
Dialectos:
Eolio, Arcadochipriota, Ático, Dórico, Macedonio, Xónico

Koiné (desde c. -300)

Grego bizantino (c. -330–1453)

Grego moderno (desde 1453)
Dialectos:
Capadocio, Chipriota,
Demótico, Griko, Katharevousa,
Póntico, Tsakonio, Ievánico

O grego de hoxe deriva da *koiné*, herdeira directa do grego antigo, pero sufriu un gran número de transformacións fonéticas (como o iotacismo, a psilose, a desaparición das oposicións de cantidade vocálica, a espirantización das antigas aspiradas, o paso dun acento de altura a un acento de intensidade ou mesmo a caída dalgúns fonemas, como [n], en posición final), léxicas (numerosos préstamos das linguas modernas) e gramaticais (simplificación da flexión nominal, da conxugación).

De feito, a un falante de grego moderno non lle é posible comprender correctamente un texto en grego antigo, do mesmo xeito que un galego falante non é quen de traducir, sen ter estudado a lingua, un texto en galego antigo. Pódese ilustrar esta evolución cun curto extracto do Novo Testamento (Xoán I, 1) en grego moderno e en grego antigo (*koiné*, de feito). A pronunciación indícase de maneira fonolóxica e os tons do grego antigo nótanse de maneira simplificada. finalmente, escollemos transcribir o grego antigo tal como era pronunciado na época clásica e non como o era na época de redacción do texto, para marcar mellor as diferenzas:

Grego moderno	Grego antigo
1 Στην αρχή ήταν ο Λόγος, και ο Λόγος ήταν μαζί με τον Θεό, και ο Λόγος ήταν Θεός.	1 Ἐν ἀρχῇ ἦν ὁ Λόγος, καὶ ὁ Λόγος ἦν πρὸς τὸν Θεόν, καὶ Θεὸς ἦν ὁ Λόγος.
/stin ar'çi 'itan o 'loɣos ke o 'loɣos 'itan ma'zi me ton θe'o ke o 'loɣos 'itan θe'os/	/en arkʰɛ́ì ɛ́ɛ̀n ho lógos kaí ho lógos ɛ́ɛ̀n prós tón tʰeón kaí tʰeón ɛ́ɛ̀n ho lógos/
2 Αυτός ήταν στην αρχή μαζί με τον Θεό.	2 Οὗτος ἦν ἐν ἀρχῇ πρὸς τὸν Θεόν.
/af'tos 'itan stin ar'çi me ton θe'o/	/hóòtos ɛ́ɛ̀n en arkʰɛ́ì prós tón tʰeon/
1 Ao principio era o Verbo e o Verbo era Deus. *2 Estaba ao principio con Deus.*	

A lingua actual é unha variante chamada *dhimotiki*, que substituíu en 1975 a unha lingua artificial e arcaizante, a *katharevousa*. Ademais, desde 1982, a lingua escríbese co sistema monotónico.

Escritura e pronunciación

O grego moderno escríbese cun alfabeto de vinte e catro letras, herdado do inicio do período arcaico (século VIII antes da nosa era). Cada letra correspondía ao principio a un son diferente (con ambigüidades, principalmente no caso das vogais), pero en grego moderno a pronunciación evolucionou, e varias letras ou grupos de letras se pronuncian da mesma maneira, cousa que fai que a súa ortografía sexa tan complexa como a do francés, por exemplo (oír unha palabra non é a miúdo suficiente para poder escribila: por exemplo, existen cinco grafías para o son «i», en razón do iotacismo). A táboa inferior dá a pronunciación das letras. O acento agudo (ou recto, segundo os tipos de letra) marca o acento tónico, en letra grosa na transcrición.

O grego moderno segue regras de sandhi tanto internes como externas. Por exemplo, un /n/ final adapta o seu punto de articulación á consoante inicial da palabra que segue (ante unha velar, pasa a [ŋ]; en posición final dalgunhas palabras gramaticais como την, τον, δεν, desaparece ante unha fricativa; sonoriza unha oclusiva xorda que o segue e pode impedir que unha sonora se espirantice, as asimilacións poden ser progresivas: τον πατέρα [tɔm ba'tɛɾa]).

Letra	Nome	Pronunciación
Α α	άλφα (**al**pha)	/a/
Β β	βήτα (**vi**ta)	/v/ do francés "voiture"
Γ γ	γάμμα (**gha**ma)	ante os sons /a/, /o/ e /u/ (), /ɣ/ próxima do *r* francés de *rien* pero velar e non uvular; ante os sons /i/ e /ɛ/, iode /j/ como o *i* de *Noia*.
Δ δ	δέλτα (**dhel**ta)	/ð/ *th* inglés de «this»
Ε ε	έψιλον (**e**psilon)	/ɛ/de apertura intermedia
Ζ ζ	ζήτα (**zi**ta)	/z/
Η η	ήτα (**i**ta)	/i/
Θ θ	θήτα (**thi**ta)	/θ/, th inglés de «to think»
Ι ι	γιώτα (**io**ta)	/i/
Κ κ	κάππα (**ka**pa)	/k/
Λ λ	λάμδα (**lam**dha)	/l/
Μ μ	μυ (mi)	/m/
Ν ν	νυ (ni)	/n/
Ξ ξ	ξι (ksi)	/ks/ como o *x* de *sexo* (en xeral: ξέρω /'ksɛrɔ/ «eu sei») ou /gz/ como o *x* de *exame* (tras *n*: δεν ξέρω = /ðɛŋg'zɛrɔ/ podendo chegar ata /ðɛg-/ = «eu non sei»)
Ο ο	όμικρον (**o**micron)	/ɔ/
Π π	πι (pi)	/p/
Ρ ρ	ρω (ro)	/ɾ/ (mono)vibrante (italiano *Roma*, galego *cara*)
Σ σ/ς	σίγμα (**sigh**ma)	/s/ alveolar (/z/ ante consoante sonora: σβέλτος, σμάλτο /sv-, sm-/ «esvelto, esmalte»)
Τ τ	ταυ (taf)	/t/
Υ υ	ύψιλον (**ip**silon)	/i/, agás como segundo elemento de ditongo: ου pronúnciase /u/ como en "música", αυ e ευ pronúncianse respectivamente /af/ e /ɛf/ ou /av/ e /ɛv/ (segundo que o son que siga sexa sonoro ou non: αυτό = /af'tɔ/ = «iso», αύριο = /'avriɔ/ = «mañá»)
Φ φ	φι (fi)	/f/
Χ χ	χι (chi)	/ç/: *ch* alemán de *ich* ante os sons /i/ e /ɛ/ (un iode /j/ non sonoro); /x/: *ch* alemán de *ach* ante os sons /a/ e /u/ (versión non sonora do /ɣ/)
Ψ ψ	ψι (psi)	/ps/ como en *psicoloxía*

Ω ω	ωμέγα (o**me**gha)	/ɔ/

Ademais, algúns grupos de letras que forman dígrafos teñen unha pronunciación especial:

Letras	Pronunciación
αι	como ε: /ε/
γγ e γκ	/g-/ en inicial, /-ng-/ [-ŋg-] noutras posicións
ει, οι, υι	como ι, υ, η: /i/
μπ	/b-, -mb-/ como en *bar* (que en grego se escribe μπαρ…)
ντ	/d-, -nd-/ como en *demo*
ου	/u/ como en *cu*
τσ	/ʦ/ (africada) pero alveolar
τζ	/ʣ/ (africada) pero alveolar
λι + V	/ʎ/ como en galego *solla*

Exemplos

Palabra	Transcrición	Significado
αίμα	**è**ma	‘sangue’ (pensar en «hematoma», «hematoloxía»)
καλοριφέρ	kalori**fèr**	‘radiador’ :-)
είναι	**i**nè	‘el/ela é’ ou ‘eles/elas son’
μπαρμπάς	bar**bas**	‘tío’
εντάξη	èn**da**ksi	'de acordo'

Gramática

O grego moderno é unha lingua con declinacións (como o alemán, por exemplo): a terminación das palabras cambia segundo a función da palabra na frase. Mesmo os nomes propios se declinan: por exemplo, dirase o Φίλιππος έφυγε (*o Phílippos éfiye*: «Filipe marchou»), βλέπω τον Φίλιππο (*vlépo ton Phílippo*: «Vexo a Filipe»), είναι το σπίτι του Φίλιππου (*íne to spíti tou Phílippou*: «é a casa de Filipe»).

Ademais, o grego distingue dous aspectos para cada verbo, marcados cada un por unha forma distinta: unha forma continua (calcada sobre o presente) e unha forma instantánea (calcada sobre o pasado, chamado *aoristo*). Esta diferenza é moi viva e vólvese atopar no futuro e no subxuntivo. Un Grego non ha confundir θα τον δω (*tha ton dho*) e θα τον βλέπω (*tha ton vlépo*): os dous significan «eu vereino», pero o primeiro sobreentende «unha vez» mentres que o segundo significa «continuamente».

Léxico

O grego moderno conserva moito léxico herdado do grego antigo, pero tomou prestadas tamén moitas palabras do latín, do turco, e, máis modernamente do francés e do inglés.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/grego) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/grego) para *grego*.
2. "Greek language". *Encyclopædia Britannica*. Consultado o 29 de abril de 2014.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua grega***

Outros artigos

- Lingua grega antiga
- Lingüística
- linguas indoeuropeas